

TRABALLAR NO EXTERIOR
TRABALLAR EN ONGS

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

É unha organización humanitaria internacional, neutral e independente que combate a desnutrición á vez que garante auga e medios de vida seguros as poboacións máis vulnerables.

ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE

Requisitos

Existen procesos abertos que varían ó longo do ano.
Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés e francés (para a maioría dos postos).
- Sólida motivación humanitaria.
- Alto nivel de organización, planificación y rigor.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas

Lugar

Os postos de traballo desenvólense na sede ou en actividades de campo.

Prazos de solicitude

Para máis información: employ.acf-e.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura será avaliada e nun prazo os preseleccionados serán contactados.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Amnistía Internacional é unha organización que loita polo recoñecemento, respecto e protección dos Dereitos Humanos en todo o mundo.

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés e francés.
- Sólida motivación humanitaria.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse nas diferentes sedes da organización.

Prazos de solicitude

Para máis información: careers.amnesty.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura require un CV, responder a un formulario e, no caso de ser preseleccionado, unha entrevista.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Para poder facer fronte a situacións cada vez máis complexas e en ocasións perigosas, o Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) procura nos seus novos colaboradores as condicións precisas para exercer un oficio nun contexto non habitual: o dun país asolado pola guerra ou as súas repercusións.

COMITÉ INTERNACIONAL DA CRUZ VERMELLA

Requisitos

Existen procesos abertos todo o ano para os postos máis demandados e contratacións puntuais de outros perfís.

Os requisitos xerais son:

- Idade ideal: mínimo 25 anos.
- Estar disposto a ir sen acompañamento familiar ás dúas primeiras misións (24 meses).
- Formación universitaria ou equivalente.
- Experiencia profesional mínima de 2 ou 3 anos.
- Dominio de inglés e francés para a maioría dos postos.
- Permiso de conducir nacional e internacional (manual).
- Sólida motivación humanitaria.
- Espírito aberto e boa capacidade de adaptación.
- Capacidade para traballar baixo presión en condicións de seguridade difíciles.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse na sede ou en actividades de campo.

Prazos de solicitude

Para máis información: icrc.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura será avaliada e nun prazo os preseleccionados serán contactados e invitados a fase de entrevistas en Xenebra.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Trátase dunha organización médico humanitaria que asiste a poboacións en situacións precarias, así como a vítimas de catástrofes e de conflitos armados, sen discriminación por raza, relixión ou ideoloxía política.

MÉDICOS SIN FRONTERAS

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
 - Experiencia profesional previa.
 - Dominio de inglés e francés.
 - Sólida motivación humanitaria.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse na sede ou sobre o terreo.

Prazos de solicitude

Para máis información: msf.es

Proceso de selección

Solicitud online dos postos. A candidatura, CV e carta de motivación, serán avaliadas e nun prazo variable os preseleccionados serán contactados.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

En Oxfam Intermon existe unha gran variedade de postos técnicos e administrativos, tanto en contrato laboral (na súa sede de Barcelona, ou en determinados proxectos) como para bolsas de prácticas (nas oficinas nacionais).

OXFAM INTERMON

Requisitos

Existe gran variedade de postos técnicos e administrativos, tanto en contrato laboral (na súa sede de Barcelona, ou en determinados proxectos) como para bolsas de prácticas (nas oficinas nacionais). Os requisitos son os seguintes:

- Titulación académica no campo correspondente.
- Boas dotes de comunicación, organización e negociación.
- Experiencia de acordo co posto.
- Coñecementos de inglés, francés ou da lingua de destino para os proxectos, así como de catalán para a sede de Barcelona.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Motivación pola cooperación internacional, o desenvolvemento e a loita contra a pobreza.
- Adaptación a contextos multiculturais e sensibilidade coa temática de xénero.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse tanto na sede da ONG coma nas distintas representacións nacionais e postos en proxectos concretos.

Prazos de solicitude

Para máis información: oxfamintermon.org

Proceso de selección

Rexistro na web da ONG e enviar o CV para postos concretos. Entrevista de capacidades.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Tratase dunha organización dedicada á defensa dos dereitos dos nenos e a mellorar a súa calidade de vida.

SAVE THE CHILDREN

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés.
- Habilidades interpersoais.
- Capacidade para traballar en ambientes multiculturais.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse nas diferentes sedes da organización ou sobre o terreo.

Prazos de solicitude

Para máis información:

savethechildren.net

savethechildren.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura require un CV e unha carta de motivación.